

PROGRAMACIÓN
DE
CICLO
EDUCACIÓN INFANTIL

-CURSO 2023/2024-

TITORAS:

MARIA KATIA SÁNCHEZ ALONSO: APOIO EDUCACIÓN INFANTIL.

MARÍA SILVA OJEA: 4º EDUCACIÓN INFANTIL

ANDREA LÓPEZ BARCIA. 5º EDUCACIÓN INFANTIL

Mº DEL CARMEN LEMA BLANCO.6º EDUCACIÓN INFANTIL

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

.QUÉ É PROGRAMAR? PARA QUE SE FAI?

ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR

2. OBXECTIVOS

2.1.OBXECTIVOS XERAIS

2.2.OBXECTIVOS DE ÁREA.

3. CONTIDOS

4. EDUCACIÓN EN VALORES.

5. COMPETENCIAS CLAVE

6. METODOLOXÍA.

7. MATERIAIS E RECURSOS

8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO.

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

11. CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

12. CONCRECIÓN DO PLAN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN.

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1 QUE É PROGRAMAR?

Programar é elaborar un proxecto de acción para un grupo de nenas e nenos, nunha situación determinada, co fin de evitar a improvisación e a rutina. Todo o profesorado ha de prever por anticipado a súa labor docente en cada etapa educativa, partindo da lexislación vixente, e, adaptándoa ó disposto polo equipo docente na Concreción Curricular, incluída no Proxecto Educativo, ás características, á proposta pedagóxica e ás Normas de Organización Funcionamento e Convivencia (NOFC) do centro no que vai ser levada a cabo, e das Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) do seu alumnado. Na programación, débense recoller os obxectivos, competencias, contidos, metodoloxía didáctica, estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis e criterios de avaliación, tal e como se indica na Ley Orgánica 2/2006 de 3 de maio ,modificada recentemente pola Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro LOMLOE para:

- Orientar ós profesionais e dar resposta ó que, como e cando ensinar, e avaliar.
- Orientar ás familias sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe das súas fillas e fillos.
- Establecer canles de colaboración entre o profesorado .
- Ordenar e dar sentido ó traballo.

O Real Decreto 95/2022 de 1 de febreiro polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo da educación infantil recolle as ensinanzas para esta etapa educativa, que posteriormente se adaptarán a cada Comunidade Autónoma con competencias en materia de educación. Para elaborar esta Programación Ciclo, temporalizada para o curso 2022/2023 parto do carácter aberto e flexible do currículo, que a sitúa no terceiro nivel de concreción curricular, xa que para elaborarlala teño que ser en conta todo o disposto na Concreción Curricular incluída no Proxecto Educativo, polo equipo docente, segundo nivel de concreción curricular, adaptando ás características do centro e a súa proposta pedagóxica, así como o disposto no Decreto 150/2022 do 8 de setembro, que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.2 ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR

Características do entorno escolar.

1.2.1 Situación xeográfica e zona educativa

O C.E.I.P. “Ponte do Porto” pertence ó concello de Camariñas, enclavado na comarca de Terra de Soneira. Camariñas atópase no centro da Costa da Morte, ocupando unha península que pecha polo norte a ría que leva o seu nome. Esta costa é a zona máis occidental da provincia de A Coruña. O municipio de Camariñas é eminentemente costeiro e mariñeiro. A poboación total do Concello supera en poucos aos 6.000 habitantes. O noso colexio está situado na parroquia de A Ponte do Porto, aproximadamente a 80 Km de A Coruña e de Santiago de Compostela, comunicado con ambas a través de estradas e autoestradas. A zona educativa abrangue as poboacións de A Ponte do Porto, Xaviña, Camelle, Arou e Santa Mariña, do Concello de Camariñas, e, Cereixo e Carnés do Concello de Vimianzo.

1.2.2 Nivel económico.

Camariñas está estreitamente ligada ao mar, empregado tanto coma vía de comunicación, como de medio de subsistencia. O principal uso da terra é de carácter forestal xa que a agricultura e a gandería só teñen funcións complementarias na economía. O auxe do turismo vense incrementando nos últimos anos, atraído pola variedade paisaxística, a gastronomía e a tranquilidade da zona. A artesanía do encaixe de bolillos, complemento importante á economía local, está a experimentar un importante desenvolvemento e contribúe notablemente ao incremento de visitantes.

A nivel industrial, cómpre destacar a existencia dunha conserveira, herdeira daqueles empresarios cataláns que trouxeron as primeiras fábricas de salazón: Cerdeimar. É unha zona cun alto índice de emigración, fundamentalmente a Suíza e a outros países europeos, aínda que nestes últimos anos, cambiou cara outras comunidades autónomas como ás Illas Canarias e Baleares.

Por outra banda, a chegada de inmigrantes doutros países e rexións, está a incrementa á poboación en idade escolar.

1.2.3. Nivel sociocultural

A situación cultural da zona é deficitaria, destacando só algunhas asociacións culturais e de mulleres rurais. Conta cunha soa biblioteca en Camariñas e cos museos do Alemán, en

Camelle, o Etnográfico en A ponte do Porto e o do Encaixe en Camariñas. A costa que abrangue desde Camariñas ata Camelle, pasando polo Cabo Vilán e Arou, está incluída na Rede Natura 2000 Costa da Morte, pola grande riqueza biolóxica de flora e fauna protexidas. En canto a instalacións deportivas, sinalar que conta con dous polideportivos municipais, un en Camariñas e outro en A Ponte do Porto, este último é utilizado polo noso Centro, xa que está nas inmediacións do recinto do colexio.

1.2.4 Lingua predominante:

O I.N.E. e I.G.E. sinalan que o 98.94% da poboación do Concello de Camariñas son galego falantes. O 95,96% da poboación entre 5 e 29 anos reconece que falan sempre galego, o 3.38% que o fala ás veces, e o 1,56% que non falan nunca. O datos do Concello de Vimianzo, do cal recibimos en torno a 1/3 do alumnado aprox., reflexan que, o 99.49% da poboación considérase galego falante; o galego entre 5 a 29 anos fálanlo sempre o 95.64%, ás veces o 2.73% e nunca o 1.61%. A lingua materna predominante do alumnado neste centro é o galego, polo que a lingua vehicular da aula será o galego, aínda que trataremos de que adquiram de forma oral e escrita a outra lingua oficial de Galicia, o castelán, a través de contos, cancións e textos de tradición oral e cultural, cumprindo o disposto no Decreto 79/2010 de 20 de maio para o plurilingüismo en la enseñanza no universitaria de Galicia, que desarrolla la Ley 3/1983 de 15 de junio de Normalización Lingüística. Tanto o concello de Camariñas como o de Vimianzo conta cun servizo de Normalización Lingüística, que achega diversas actividades ó noso centro, e nas que participamos activamente.

2. OBXECTIVOS

2.1 OBXECTIVOS XERAIS

A) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferencias.

- B) Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- C) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- D) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- E) Relacionarse cos demais en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse no uso da empatía e na resolución pacífica de conflitos, evitando calquer tipo de violencia.
- F) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- G) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e na lectura e escritura, e no movemento , no xesto e no ritmo .
- H) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- I) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

2.2 OBXECTIVOS DE ÁREA

Área de Crecemento en Harmonía.

1. Formarse unha imaxe axustada e positiva de si mesmo/a a través da interacción cos outros e da identificación gradual das propias características, posibilidades e limitacións, desenvolvendo sentimentos de autoestima e autonomía persoal.
2. Iniciarse no coñecemento do seu corpo, dos seus elementos e dalgunhas das súas funcións básicas, comezando a descubri-las posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
3. Iniciarse na identificación dos propios sentimentos, emocións, necesidades ou preferencias e ser capaz progresivamente de denominalos, expresalos e comunicarllelos ós demais, identificando e respectando, así mesmo, os dos outros.

4. Realizar, de xeito progresivamente autónomo, actividades habituais e tarefassinxelas para resolver problemas da vida cotiá, aumentando o sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa.

5. Iniciarse na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.

Área de Descubrimento e exploración da contorna.

1. Observar e explorar de forma activa o seu medio amosando interese polo seu coñecemento.

2. Relacionarse coas compañeiras, compañeiros e adultos do seu medio próximo, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.

3. Iniciarse no coñecemento de distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida, xerando actitudes de confianza, respecto e aprecio.

4. Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando de maneira moi sinxela algúns dos seus atributos e calidades.

5. Coñecer e valorar algúns dos compoñentes básicos do medio natural e algunhas das súas reaccións, cambios e transformacións desenvolvendo, progresivamente, actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación.

• Area de Comunicación e representación da realidade.

1. Comezar a utilizar a lingua como instrumento de comunicación, de representación, aprendizaxe e gozo, de expresión de ideas e sentimentos, e valorar a lingua oral como un medio de relación cos demais e deregulación da convivencia.

2. Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes.

3. Comezar a comprender as intencións e mensaxes doutros nenos, nenas e adultos, adoptando unha actitude positiva cara á lingua, tanto propia como estranxeira.

4. Iniciarse na lectura de imaxes mediante a manipulación de debuxos, carteis, gravados, fotografías..., que acompañan os textos escritos, comezando a atribuírlles un significado.

5. Iniciarse na exploración e a utilización de materiais, instrumentos e soportes propios da linguaxe escrita.

6. Achegarse ó coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes e realizar actividades de representación e expresión artística mediante o emprego de diversas técnicas. 7. Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula, e amosar interese e gozo ó participar nestes intercambios comunicativos.

3. ORGANIZACIÓN DOS CONTIDOS:

Área de Descubrimento e Exploración da Contorna

Bloque 1. Diálogo corporal coa contorna. Exploración creativa de obxectos, materiais e espazos

- Obxectos e materiais.

Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.

- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.
- Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos.
- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. • Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións en que se fai necesario medir.
- Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento.
- Identificación das nocións topográficas básicas no plano.
- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...

Bloque 2. Experimentación na contorna. Curiosidade, pensamento científico e creatividade

- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.
- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.
- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.
- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.
- Habilidades do pensamento computacional.
- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos. • Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.

Bloque 3. Indagación no medio físico e natural. Coidado, valoración e respecto

- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).
- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.
- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sustentables.
- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.
- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.

- Os seres vivos e as súas características.
- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos.
- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.

Bloque 4. Descubrimento e participación na contorna social. Relacións, servizos e actividades culturais

- A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.
- Relacións de parentesco.
- A escola.
- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.
- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.
- Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.
- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.

Área de Comunicación e Representación da Realidade

Bloque 1. Intención e interacción comunicativa

Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.

- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.

- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.

Bloque 2. As linguas e os seus falantes

- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.
- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.

Bloque 3. Comunicación verbal oral. Comprensión-expresión-diálogo

- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.

- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.

Bloque 4. Aproximación á linguaxe escrita

- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.

- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.

- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.

- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.

- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números...

- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.

- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.

- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.

- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.

- Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia.

Bloque 5. Aproximación á educación literaria

- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional e/ou étnico-cultural.

- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Situacións de lectura. Vínculos afectivos e lúdicos a través de modelos lectores de referencia.

Bloque 6. Linguaxe e expresión musical

- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.

Bloque 7. Linguaxe e expresión plástica e visual

- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.

Bloque 8. Linguaxe e expresión corporal

- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos...) en actividades individuais e grupais libres de prexuizos e estereotipos sexistas. • Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo

Bloque 9. Alfabetización dixital

- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

Área de Crecemento en Harmonía

Bloque 1. O corpo e o control progresivo deste

- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.
- Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais.
- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.
- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.
- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado
- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.
- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos –control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos– co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.
- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.
- Avance e control progresivo da motricidade fina.
- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.

Bloque 2. Equilibrio emocional e desenvolvemento da afectividade

- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.
- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.

- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.
- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.

Bloque 3. Hábitos de vida saudable para o autocoidado e o coidado da contorna

- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.

- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.

Bloque 4. Interacción socioemocional na contorna. A vida coas demais persoas

- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.

- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.

- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.

- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.

- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.

- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.

- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.

- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuizos.

- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.

- Asentamentos e actividades da contorna.

4. EDUCACIÓN EN VALORES

A educación en valores convértese nun dos eixos fundamentais da educación, ó demandar a sociedades un currículo no que prime a educación integral do alumnado e adquisición de habilidades prácticas e valores para a vida e a convivencia. A LOMLOE sinala que no Proxecto Educativo de cada centro recolleráanse os valores, obxectivos e prioridades de actuación, e incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa, que corresponde fixar e aprobar al Claustro, así como o tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos de educación en valores e outras ensinanzas. Tamén sánala que entre os principios e fines da educación está: a educación para a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e en especial no acoso escolar; e o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero. Ademais, o noso Decreto de Currículo, recolle entre os seus fins, potenciar e transmitir aqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a xustiza, a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica, a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como o desenvolvemento da igualdade de derechos e oportunidades e o fomento da igualdade entre homes e mulleres. . Nesta programación, traballaránse os valores dunha forma transversal e globalizada, para evitar a aparición do currículo oculto. Para iso, adoptará un estilo docente democrático, predicando co exemplo, coñecedores de que estes valores serán aprendidos polo alumnado a través da imitación. A continuación, abordaránse algúns ámbitos de acción: Educación para a paz: Plan de Convivencia e Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro.)

Educación para a igualdade entre ambos os sexos: Protocolo de Identidade de Xénero e Proxecto Relación. Educación ambiental: Resolución do 26 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o Plan Proxecca. Educación para a saúde: dentro do Plan Proxecca.

Educación viaria : no marco do Plan Proxecca “Mobilidade sostible e segura”

Non son áreas nin materias, son contidos, ensinanzas ou temas, que abordaremos dun xeito transversal pois atravesan os obxectivos e contidos do currículo, non percorren tódalas áreas por igual, con algunhas teñen unha maior vinculación, non deben recibir máis atención que outros contidos e son transversais entre sí. Son, entre eles: Educación do consumidor, Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os sexos, que garda relación estreita coa

Lei 3/2007 de igualdade efectiva entre homes e mulleres, Educación para a paz, que garda estreita relación coa Lei 27/2005 do 30 de Novembro do fomento da educación e cultura da paz, Educación para a saúde, Educación ambiental, Educación para o lecer e Educación viaria. Todos estes temas que abogan pola educación en valores quedan tratados ao longo das unidades didácticas, traballando e profundizando nos seus núcleos para poder contribuir á formación de persoas cívicas e sociais capaces de resolver os problemas que poidan aparecer de xeito civilizado aportando así, á nosa sociedade, unha cultura educativa ampla.

5.COMPETENCIAS CLAVE

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

- Expresar e comprender mensaxes orais en diferentes situacións comunicativas.
- Describir, narrar, explicar..., diversos debuxos, carteis, fotografías, pictogramas...
- Inicialos en debates en grupo sobre temas e problemas relacionados con situacións da vida cotiá.
- Expresar en voz alta opinións persoais.
- Recrear na aula situacións da vida cotiá.
- Saber dialogar sobre os diferentes temas e formar progresivamente xuízos críticos.
- Utilizar textos diferentes con intencións comunicativas diversas: contos, revistas, fotografías, carteis...
- Interpretar imaxes en voz alta.
- Coñecer e empregar-las regras básicas do funcionamento da lingua.
- Ser progresivamente competentes na expresión e comprensión das mensaxes orais que se intercambian en situacións de comunicación diversas.
- Coñece-las estratexias necesarias para interactuar lingüisticamente dun xeito adecuado.
- Saber expresar ideas, sentimentos, emocións, necesidades, vivencias e opinións, e aceptar e realizar críticas con sentido construtivo.
- Ser capaces de situarse no lugar dos outros, de escoitar e ter en conta opinións, desexos, necesidades e intereses diferentes dos propios con sensibilidade e sentido crítico.

- Emprega-las destrezas necesarias para iniciarse na escritura e na lectura.
- Utilizar de forma progresivamente activa e efectiva os códigos e habilidades lingüísticos e non lingüísticos e as regras que propician o intercambio comunicativo en diversas situacións.
- Empregar estratexias diversas para comprende-lo que os demais din: atender ó ton da voz, á entoación, ás pausas...
- Aprender a xerar ideas, a dar coherencia e cohesión ó discurso.
- Gozar lendo ou expresándose de forma oral e escrita.
- Desenvolve-la autoestima e a confianza en si mesmo/a.
- Establecer vínculos e relacións construtivas cos demais e co medio a través da comunicación e da conversación.
- Ser capaces de convivir e de resolve-los conflitos establecendo vínculos comunicativos

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIA EN CIENCIA, TECNOLOXÍA E INXEÑERÍA.

- Utiliza-la linguaxe matemática en situacións da vida cotiá.
- Emprega-las matemáticas para comprender e interpreta-lo medio desenvolvendo unha opinión sobre este.
- Comezar a aplicar operacións matemáticas para resolver problemas cotiáns amosando seguridade e confianza nas capacidades propias.
- Ser capaz de coñece-lo proceso que se seguiu e as solucións que se obtiveron na resolución de problemas.
- Ser capaz de analizar, razoar e comunicar progresivamente as súas ideas de forma adaptada á idade.
- Desenvolve-la curiosidade, a confianza en si mesmo/a, o sentido do que é o importante e o desexo de comprender e de facer ben as cousas.
- Ser capaz de utilizar progresivamente o coñecemento que posúe para xerar novos

coñecementos.

- Realizar, progresivamente, estimacións dalgunhas magnitudes.
- Realizar diferentes agrupacións e establecer relacións entre obxectos e situacións.
- Utilizar de forma progresiva diferentes procedementos para solucionar situacións concretas.
- Aprender a actuar, a reaccionar e a tomar decisións en situacións diversas.
- Emprega-la linguaxe matemática para expresar ideas.
- Utilizar métodos elementais para calcular distancias.
- Emprega-lo coñecemento das formas e figuras xeométricas para describir e resolver situacións cotiás que o requiran.
- Comezar a identificar e utiliza-los cuantificadores básicos de cantidade, tamaño, espaciais, temporais..., os números.

COMPETENCIA PLURIÍNGÜE

. Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna. .

Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.

3. Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.

Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.

. Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.

COMPETENCIA PERSOAL, SOCIAL E DE APRENDER A APRENDER

- Ter iniciativa e criterio propio para desenvolverse de xeito cada vez máis autónomo na vida

cotiá.

- Controla-lo ton, a postura, o equilibrio e a respiración.
- Coordina-los seus movementos nos seus desprazamentos, marcha, carreira, saltos, nas actividades manipuladoras de motricidade fina.

Ser responsable ante as decisións persoais sendo consecuente con elas

- Desenvolver valores persoais: dignidade, liberdade, autoestima, seguridade en si mesmo/a, capacidade para enfrontarse ós problemas, perseveranza, responsabilidade, autocrítica, iniciativa, creatividade...
- Desenvolver progresivamente a capacidade que lle permita saber elixir.
- Ser capaz de formularse obxectivos, de elaborar ideas e buscar solucións ante os problemas que se suscitan.
- Desenvolver habilidades sociais que lle permitan relacionarse, cooperar e traballar en equipo: respecto polas ideas dos demais, capacidade de diálogo e traballo cooperativo, poñerse no lugar do outro, valora-las ideas dos demais...
- Adquiri-las destrezas necesarias para detectar necesidades e buscar solucións con creatividade.
- Amosarse seguro da súa propia eficacia á hora de manexar útiles, de contribuír nas rutinas cotiás de alimentación, aseo, descanso e vestido e de abordar novas tarefas, asumindo pequenos riscos que poida controlar.
- Aprender a resolve-los pequenos problemas que se susciten na súa vida cotiá, desenvolvéndose de xeito cada vez máis autónomo.
- Iniciarse na aprendizaxe de diferentes destrezas e coñecemento sendo capaz de continuo de xeito progresivamente autónomo.
- Coñecer diversas formas para resolver un determinado problema escollendo o medio máis axeitado.
- Desenvolver progresivamente habilidades para recoller información e transformala en coñecemento.
- Aprender a aplica-los novos coñecementos que adquire en diferentes situacións.

- Desenvolver progresivamente hábitos de constancia e de esforzo persoal.
- Aprender a desenvolverse ante as incertezas buscando respostas adecuadas á súa idade.
- Senti-lo desexo e a curiosidade por aprender.
- Coñecer e valorar, progresivamente, as posibilidades e as limitacións persoais, aceptando os erros e equivocacións e aprendendo a superarse.
- Ter confianza nas propias posibilidades.
- Ser capaz de acepta-los pequenos erros.
- Aumentar progresivamente a seguridade para afrontar novos retos.
- Coñece-las cousas que pode facer por si mesmo/a e as que pode facer con axuda dos demais.
- Pedir axuda cando non poida realizar determinadas accións por si mesmo/a.
- Basearse no que xa aprenderon para poder adquirir novos coñecementos.
- Desenvolver progresivamente a atención, a concentración, a memoria e a expresión.
- Aplica-lo que aprenderon en diferentes contextos e situacións.
- Desenvolver estratexias que favorezan o desenvolvemento da atención, a concentración, a memorización e a resolución de problemas.
- Aprender a explorar e a manipular obxectos e situacións.
- Desenvolver progresivamente formas persoais de aprender.

COMPETENCIA DIXITAL

- Adquirir-los coñecementos, as habilidades, e as destrezas básicas necesarias para a utilización do equipamento informático dispoñible na aula, no centro ou no fogar (acendido e apagado do ordenador, manexo do rato...).
- Dominar programas informáticos.
- Ser capaces de buscar, procesar e comunicar información transformándoa en coñecemento.
- Comprende-la información integrándoa progresivamente nos esquemas previos de coñecemento.
- Ser capaz de comunica-la información e os coñecementos adquiridos empregando diversos recursos, soportes e técnicas.

- Saber aproveitar-la información que facilitan as novas tecnoloxías, aprendendo con elas.
- Adquirir progresivamente habilidades que lle permitan razoar, organizar, relacionar, analizar e sintetizar dunha maneira adaptada á súa idade.
- Aprender a comunica-la información e os coñecementos que vaia adquirindo utilizando diferentes linguaxes.
- Aprecia-las posibilidades que lle ofrecen as novas tecnoloxías da información e da comunicación.

Comezar a coñecer diferentes tipos de información e de linguaxes

COMPETENCIA CIUDADANA

- Aprender a empregar-la observación, a manipulación e a exploración para coñecer mellor o mundo que o rodea.
- Organiza-la información de acordo coas súas calidades e categorías.
- Establecer relacións sinxelas de causa e efecto en función das consecuencias.

COMPETENCIA EMPRENDEDORA

- Ter iniciativa e criterio propio para desenvolverse de xeito cada vez máis autónomo na vida cotiá.
- Controla-lo ton, a postura, o equilibrio e a respiración.
- Coordina-los seus movementos nos seus desprazamentos, marcha, carreira, saltos, nas actividades manipuladoras de motricidade fina.
- Ser responsable ante as decisións persoais sendo consecuente con elas.
- Desenvolver valores persoais: dignidade, liberdade, autoestima, seguridade en si mesmo/a, capacidade para enfrontarse ós problemas, perseveranza, responsabilidade, autocrítica, iniciativa, creatividade...
- Desenvolver progresivamente a capacidade que lle permita saber elixir.
- Ser capaz de formularse obxectivos, de elaborar ideas e buscar solucións ante os problemas que se suscitan.
- Desenvolver habilidades sociais que lle permitan relacionarse, cooperar e traballar en

equipo: respecto polas ideas dos demais, capacidade de diálogo e traballo cooperativo, poñerse no lugar do outro, valora-las ideas dos demais...

- Adquirir-las destrezas necesarias para detectar necesidades e buscar solucións con creatividade.
- Amosarse seguro da súa propia eficacia á hora de manexar útiles, de contribuír nas rutinas cotiás de alimentación, aseo, descanso e vestido e de abordar novas tarefas, asumindo pequenos riscos que poida controlar.

COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAI

- Aprender a apreciar e a valora-las producións plásticas dos seus compañeiros e compañeiras.
- Desenvolver habilidades de cooperación, apoio e aprecio polas iniciativas e contribucións das súas compañeiras e compañeiros.
- Utilizar diferentes medios de expresión (música, artes visuais, artes escénicas, a linguaxe verbal, a linguaxe corporal...) para expresar ideas, sentimentos, necesidades, emocións e intereses.
- Desenvolve-la imaxinación, a creatividade e a iniciativa persoal como medios para desenvolverse de xeito cada vez máis autónomo no medio próximo.
- Desenvolve-la sensibilidade e o sentido estético para o gozo persoal.
- Ser capaces de emocionarse e de sentir ante as manifestacións e producións culturais.
- Desenvolver progresivamente o sentido e a sensibilidade artística que lle permitan comprender e valora-las diferentes manifestacións culturais.
- Aprender a expresarse e a comunicarse.
- Aprender a apreciar, comprender e valorar criticamente diversas manifestacións culturais e artísticas.
- Coñecer diversas manifestacións artísticas e culturais do pasado e do presente e do lugar no que viven.

- Emprega-las manifestacións culturais como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.
- Iniciarase no coñecemento das técnicas, os recursos e os materiais das diferentes linguaxes artísticas.
- Iniciarase na valoración da liberdade de expresión, do dereito á diversidade cultural, da importancia do diálogo intercultural e da realización de experiencias artísticas compartidas.
- Comezar a desenvolver destrezas e habilidades para percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.
- Nas actividades plásticas realizadas en grupo, tomar conciencia da responsabilidade individual para a consecución dun resultado final e da importancia de apoiar e aprecia-las contribucións dos demais membros do equipo da súa mesa.
- Aprender a utiliza-lo lecer de forma activa desenvolvendo valores de esforzo persoal solidarios.

6. METODOLOXÍA

A metodoloxía queda enmarcada dentro dunha concepción constructivista da aprendizaxe escolar, partindo do principio de consistencia evolutiva (Piaget), dos intereses e motivacións do alumnado para que sexan capaces de alcanzar aprendizaxes significativos e funcionais como sinala Ausubel, tendo en conta o principio de gradación de Pestalozzi e o andamiaje tutorial de Bruner, todo en un clima de seguridade e confianza co xogo como elemento motivador, para que aprendan xogando e xoguen aprendendo (Froebel). A través das diferentes actividades, identificare os sus coñecementos previos e promover aprendizaxes ajustadas á Zona de Desenvolvemento Próxima de Vigotsky para que cheguen a aprender a aprender, todo baixo un enfoque globalizador (Decroly) e favorecendo desenvolvemento das intelixencias múltiples propostas por H. Gardner, a intelixencia emocional de Daniel Goleman y a conciencia e

competencia emocional de Rafael Bisquerra e Mar Romera Morón, respectivamente Partindo das Orientacións Metodolóxicas para o 2º ciclo de EI do noso Decreto Curricular sinalar que: Adaptarei o espazo ás características do alumnado, contando con: Espazos propios: percheros, mesas, cadeiras...

Zonas como a do traballo individual, a da amizade, a da assemblea...

Recunchos como o da biblioteca, do xogo simbólico... A distribución do tempo realizase dunha forma flexible, con alternancia entre actividade e descanso, para que se axuste ás necesidades e ritmos biolóxicos das nenas e nenos, estruturados en rutinas e momentos significativos.

7. MATERIAIS E RECURSOS

7.1 MATERIAIS

Características do Centro.

“Recursos humanos” atendendo ó Decreto 374/1996 do 17 de outubro polo que se aproba o reglamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (ROC) e a Orde do 22 de xullo de 1997 que o desenvolve, un centro de 8 unidades ou máis está formado por :

– **Órganos de Gobierno**

- **Unipersoais ou Equipo Directivo:** directora, xefa de estudos e secretaria.
- **Colexiados:**
 - **Claustro** de profesores que agrupa a todos os profesores que imparten docencia no centro e está presidido pola directora.
 - **Consello escolar:** formado por
 - ✚ Directora que actúa como presidenta
 - ✚ Xefa de Estudos
 - ✚ 1 concelleira/o
 - ✚ 5 mestras/es escollidos polo claustro,
 - ✚ 5 representantes das nais/pais
 - ✚ Secretaria que actuará con voz pero sen voto

- ✓ Comisión Económica (ROC): directora, 1 mestra/, 1 nai/paie secretaria
 - ✓ Comisión de Convivencia(D8/2015 de 8 de enero): directora, 5 mestres/as (unactuará como secretariaoa), 5 nais/pais (puede coincidir con el CE),1 PSX. *Tras las noticias en el portal educativo de la Xunta, también debería formar parte de ella el jefe del DO y el Dinamizador de la Convivencia,*
 - ✓ Comisión de Comedor (Orden 21/2/07 que desarrolla el Decreto 132/ 2013 de 1 agosto): directora, 1 mestra/e, 1 nai/pai, a secretariae a encargada/o de comedor
- **Órganos de Coordinación e de Orientación (LOE-LOMCE-LOMLOE art 130 + ROC+O 22/7/97)**
- **Equipos de ciclo e/o nivel** (titores,maestros apoio á EI (Acordo 8/6/2007), mestra de inglés (Orden 25/6/09), mestre relixión (Decreto 235/1995), mestra de música, mestre EF, mestra de PT, mestra de AL)
 - **Comisión de Coordinación Pedagóxica:** directora que asume as funciones de xefa de estudos, coordinadores ciclo de EI e nivel EP, dinamizador/a da lingua galega (Decreto 79/2010 de 20 mayo), xefe do DO (Decreto 120/1998 de 23 de abril/ Orden 24/7/98), mestras de PT e AL, dinamizador/a da biblioteca (Orden 17/07/07)
 - **Equipo de Dinamización da Lingua Galega** (D79/2010 de 20 de mayo): 1 coordinador/a+1 responsable de ciclo o nivel. (ROC)
 - **Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares:** xefe/a do equipo e os responsables das actividades.
 - **Departamento de Orientación Propio**(Orden 24/7/98): xefe/a do DO, AL, PT, coordinador/a de ciclo e/o nivel, mestre/a responsable ou director/a dos centros incompletos
- **Equipos de Dinamización (Orden 17/7/07)**
- Equipo de Dinamización das TICs
 - Equipo de Dinamización da Biblioteca
 - Equipo de Dinamización da Convivencia Escolar.
 - ????

- **Órganos de Participación:**
 - o ANPAS (LODE/ROC)
 - o **Escuela de Madres y Padres** (D8/2015 de 8 enero) De existir se incluye en Plan de Convivencia incluido en el PE. Pueden existir o no, no son obligatoria
- **Persoal non docente: persoal do comedor, de limpeza, o conserxe e unha **coidadora.****

“Recursos materiais”

Ademais do despacho de Dirección, Secretaría, Xefatura de Estudos e Sala de Mestres, existe no Centro un lugar destinado á ANPA, así como os seguintes espazos:

- Unidades de Educación Infantil (3).
- Unidades de Educación Primaria (7).
- Titorías para cada especialidade.
- Aula de informática.
- Aula de inglés
- Aula de música.
- Sala de usos múltiples (sala de audiovisuais)
- Biblioteca de centro
- Un aula de recursos e apoios
- Aula de estimulación sensorial
- Aula de psicomotricidade
- Aula de AL....
- Cociña.
- Dous patios de recreo, un deles cuberto.
- Un laboratorio donde poden realizar pequenas experiencias.

“Servizos” Este centro conta cos seguintes servizos:

- Comedor Escolar de 13:00 a 14:30, regulado polo D. 132/2013 do 1 de agosto.
- Actividades complementarias e extraescolares (que se levan a cabo unha vez que se remata a xornada lectiva).
- Xornada única, regulada na Orde do 22 de xullo de 1997 que empeza ás 9:30h. da mañán para rematar ás 14:30 h.

- Transporte escolar gratuito que traslada ós nenos/as dende as súas aldeas ó centro.

7.2 RECURSOS

- HUMÁNS: Citados xa no primeiro punto da programación e aos que recurriremos para levar as unidades didácticas.
- AMBIENTAIS: A aula perfectamente estruturada para o correcto desenvolvemento das actividades.
- MATERIAIS: Deben contribuir a desenvolve-lo pensamento, a linguaxe, o coñecemento e o dominio do propio corpo, potenciar e desenvolver condutas socio-emocionais e fomenta-lo desenvolvemento da responsabilidade. Deben ser seguros, non tóxicos, sólidos para que non se rompan con facilidade, que provoquen estímulos dacordo co nivel de desenvolvemento dos seus destinatarios, atractivos, estimulantes, suficientes pero non excesivos. Ademais deben seguir uns criterios para o seu uso como: que estén á vista e ó alcance dos nenos, ordenados según criterios que todos coñecen e etiquetados; cada rincón debe te-lo preciso para desenvolve-las actividades propias, a súa distribución, recollida, emprego e conservación precisan un tempo na actividade escolar. Ao longo deste ano empregaranse: todo tipo de material plástico (de modelado, recortado, pegado, cores básicas fundamentalmente, pinturas dixitais, todo tipo de papel), material audiovisual (proxector de diapositivas, retroproxector, cámara de fotos e de vídeo, televisión e vídeo, ordenador), material musical (instrumentos musicais comúns de percusión (castañuelas, maracas, platillos, pandeireta, tambor, triángulo, caixa china...) e algúns elaborados por nós mesmos con material de refugallo, música), material lóxico matemático (bloques lóxicos de Dienes xunto coas regletas de Cuisenaire, xogo de conceptos de Ziegler, parchís, oca, material de construción e encaixes, ábacos, dominó, puzzles, crebacabezas), material lectoescritor ((letras móbiles, libros de imaxes, biblioteca de aula na que se atopa todo tipo de literatura infantil (poesía, narrativa e teatro), programas informáticos como o, pipo o clic, material para a observación e a experimentación.

8.CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A *avaliación* é un elemento curricular fundamental e inseparable da práctica educativa co fin de recoller permanentemente información para axustar os procesos de ensinanza aprendizaxe, e contribuir a mellorar a calidade da ensinanza (Gallego Ortega, J.L 1994).

O noso Decreto de Currículo, establece que a avaliación debe servir para identificar as aprendizaxes adquiridas eo ritmo e características da evolución do alumnado. Segundo a Orde do 25 de xuño de 2009, constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado, dirixida a obter datos relevantes que faciliten a toma de decisión encamiñadas á mellora dos procesos de ensinnza-aprendizaxe tanto a nivel individual como colectivo.

Aavaliación será global (xa que se refire ó conxunto de capacidades expresadas nos obxectivos e adaptados ó alumnado eó contexto sociocultural do centro), continua (que recolle de forma continuada a información sobre o proceso de ensinanza e aprendizaxe) e formativa (para que coa información obtida se podan mellorar os procesos e os resultados da intervención educativa). E, levarase a cabo en tres momentos: inicial (para detectar os coñecementos previos), continua (durante o proceso) efinal (para comprobar os resultados).

Aavaliación é un instrumento que está ó servizo do proceso de ensinanza aprendizaxe, de ahí, a necesidades de avaliar: o proceso de aprendizaxe do alumnado (grado de adquisición das diferentes capacidades, iniciación no desenvolvemento das competencias, a motivación, a actuación diaria...), os procesos de ensinanza ea miñapráctica docente (a organización da aula, o clima escolar, as interaccións entre o alumnado e entre profesorado e alumnado; a coordinación docente e a coherencia educativa; a relación familia-escola; a adecuación da proposta pedagóxica e damira propia planificación; a metodoloxía respecto á consecución das competencias e a evolución do alumnado. Todo, será clave para detectar dificultades e, como mestras/es, reconducir a práctica educativa.

A observación directa e sistemática será a principal técnica do proceso de avalidación, aínda que non se debe olvidar a información que nos aporta a observación indirecta dos traballos diarios do alumnado, os datos das mestras/os especialistas, da familia e do propio alumnado a través da coevaluación. Toda a información será recollida a través de diferentes instrumentos e procedementos de avaliación: listas de control, diarios, anecdotarios...

Os criterios de avaliación da programación serán os que se presentan a continuación, e adoptarán o formato de *estándares e resultados de aprendizaxe*, *avaliables* nas diferentes unidades didácticas.

• Área: Crecemento en Harmonía.

- Dar mostra dun coñecemento progresivo do seu esquema corporal.
- Identificar e nomear as diferentes partes do corpo. Situar espacialmente as distintas partes do corpo en relación a si mesmo/a e ós demais.
- Controlar progresivamente o seu corpo, global e sectorialmente. Progresar na adquisición de destrezas motoras e habilidades manipuladoras.
- Utilizar as posibilidades motrices, sensitivas e expresivas do propio corpo.
- Identificar os sentidos e as principais sensacións asociadas a cada un deles.
- Confiar nas propias posibilidades.
- Confiar nas propias posibilidades.

- Respetar e aceptar as características dos demais.
- Mostrar actitudes de axuda e colaboración. Formar unha imaxe persoal positiva e axustada de si mesmo/a.
- Coñecer as súas propias posibilidades e limitacións.
- Realizar as tarefas da vida cotiá con seguridade, confianza, iniciativa e autonomía progresiva. Valorar as actuacións propias e as dos demais.
- Participar nos xogos.
- Comprender e utilizar adecuadamente as normas que rexen os xogos.
- Progresar na coordinación e control das habilidades manipuladoras de carácter fino.
- Expresar sentimentos e emocións.
- Comprender e interpretar os sentimentos e emocións dos demais.
- Contribuír á convivencia. Adquirir hábitos de coidado persoal, hixiene, saúde e benestar.
- Controlar progresivamente as súas necesidades básicas.
- Colaborar na creación dun medio agradable e dun ambiente favorecedor de saúde e benestar.

Área: Descubrimiento e exploración da contorna.

- Identificar e nomear obxectos e elementos do medio inmediato e actuar sobre eles.
- Agrupar, clasificar e ordenar elementos e coleccións segundo semellanzas e diferenzas. Iniciar na cuantificación e interpretación dos elementos do medio natural.
- Cuantificar coleccións de elementos mediante o uso da serie numérica.
- Resolver sinxelos problemas matemáticos da súa vida cotiá.
- Manexar nocións espaciais e temporais básicas.
- Interesarse polo medio natural.
- Manifestar actitudes de coidado e respecto cara á natureza. Participar en actividades encamiñadas ó coidado da natureza.
- Identificar algúns dos cambios naturais que afectan á vida cotiá das persoas.
- Coñecer, identificar e describir persoas e colectivos do seu medio.
- Identificar as características dos grupos sociais máis próximos.
- Coñecer diferentes servizos comunitarios: mercado, atención sanitaria, medios de transporte... Coñecer algunhas manifestacións culturais do seu medio.
- Participar na elaboración de normas nos diferentes grupos cos que se relaciona.
- Analizar situacións conflitivas da vida cotiá e resolvelas axeitadamente.
- Identificar outras culturas presentes no medio.
- Establecer relacións de afecto, respecto e xenerosidade con tódalas súas compañeiras e compañeiros.

Área: Linguaxes: comunicación e representación da realidade.

- Utilizar a lingua oral para comunicarse positivamente cos seus iguais e coas persoas adultas. Comprender diferentes mensaxes orais, relatos, producións literarias, descrições, explicacións e informacións.
- Amosar actitude de escoita atenta e respectuosa.
- Participar en diferentes conversacións.
- Amosar unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.
- Expresarse e comunicarse oralmente con claridade e corrección.
- Resolver situacións conflitivas mediante o diálogo.
- Comunicar os seus estados anímicos e compartilos cos demais.
- Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no medio próximo.
- Iniciar no uso dos textos escritos. Coñecer algunhas características do código escrito.
- Interesarse e participar nas situacións de lectura e escritura que se producen na aula. Gozar compartindo a audición e a lectura de textos literarios.
- Expresarse e comunicarse empregando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.
- Amosar interese por explorar as posibilidades das diferentes linguaxes.
- Compartir experiencias estéticas e comunicativas.
- Experimentar e explorar as posibilidades expresivas do xesto, os movementos, a voz, a cor, a textura e os sons.
- Desenvolver a sensibilidade estética
- Amosar unha actitude positiva cara ás producións artísticas en distintos medios. Utilizar o ordenador e outros instrumentos tecnolóxicos como vehículos de expresión e comunicación.

9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ALUMNOS CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO (A.N.E.A.E.)

O Decreto 229/2011 de 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia establece que por atención a la diversidad enténdese o conxunto de medidas acción que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

O Decreto 150/2022 de 8 de setembro polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, a intervención educativa debe contemplar como principio a diversidade do alumnado, adaptando a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo das nenas e nenos, dada a importancia que estas idades teno ritmo eo proceso de maduración. E as medidas adoptadas inclúiranse no Proxecto Educativo.

A Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia establece que as propostas educativas para a atención á diversidade baseanse en principios inclusivos, integradores e non discriminatorias. Ademais, todo o persoal do centro considerará na súa labor a diversidade de alumnado, adaptando todas súas actuacións e a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo das nenas e nenas dada a importancia que nestas idades adquiren o ritmo eo proceso de maduración.

ALOE-LOMCE contempla a necesidades de atender á diversidade do alumnado e contribuir de forma equitativa ós novos retos e dificultades que esa diversidade xera. Polo tanto, a Atención á Diversidade é o principio fundamental que debe rexir toda a ensinanza, para proporcionar a todo o alumnado unha educación axeitada ás características e necesidades individuais.

A LOE-LOMCE- LOMLOE , no seu artigo 71, sánala que por NEAE enténdese aquel alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar

1. Necesidades educativas especiais
2. Dificultades específicas de aprendizaxe

3. Incorporación tardía ó sistema educativo
4. Altas capacidades intelectuais
5. Condición personáis ou de historia escolar
6. TDAH

E por **nee** (necesidades educativas especiais) aquel que requira por un período da súa escolarización, ou por toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conducta.

Os factores de diversidade están determinados por:

- Diferenzas individuais: etapa do desenvolvemento, coñecementos previos...
- Diferenzas de grupo: étnicas, xénero, socio-culturais
- Diferenzas do contexto: escolar, familiar, social

PRINCIPIOS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O Decreto 150/2022 do 8 de setembro destaca que o currículo é aberto e flexible para adecuarse á diversidade existente e descentralizado (administración, centro e profesorado).

A LOMLOE (art 74) sinala que a escolarización dos alumnos con necesidades educativas, con carácter xeral escolarízase en centros ordinarios atendendo ós principios de normalización e inclusión.

Entre eses principios estarán: equidade, inclusión, normalización, flexibilidade, prevención e compensación de desigualdades, integración, accesibilidade universal.

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O ciclo de Educación Infantil participa en todas as actividades propostas polo centro, tanto polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega, como polo Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares. Entre outras:

- Samaín.
- Halloween.
- Magosto.
- Festival de Nadal.
- Día escolar da Non Violencia e da Paz.
- Entroido.

- Semana do Libro.
- Semana da poesía.
- Semana das letras galegas.
- Festival de fin de curso.
- Saídas. Faremos unha saída por trimestre.

Cómpre sinalar que, en conxunto coas Escolas de Educación Infantil de Camelle, poderánse realizar actividades como:

- Saídas conxuntas.
- Actividades de contacontos.
- Talleres de cociña.
- E outras que poidan xurdir

Por outra banda, dentro do noso centro, tamén se levarán a cabo actividades conxuntas entre as tres aulas de infantil ou entre infantil e primaria, como:

- Talleres de plástica.
- Contacontos, padrinos e madrinhas de ler...
- Obradoiro de actividades relacionadas coa primavera: plantacións, sementes...

11. CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Tendo en conta o Plan de Convivencia do centro, poñeránse en marcha medidas como:

1. Medidas preventivas:

- Elaboración conxunta (alumnado e profesorado) de normas que rixan a convivencia no grupo-clase.
- Actividades referidas a habilidades sociais, fomento da convivencia, integración e participación na vida do centro.
- Debates, charlas... sobre temas de comportamento, problemas de conducta,...
- Xogos de rol.
- Asambleas de clase para analizar a convivencia.
- Recollida periódica de datos sobre convivencia. (Obxectiva e subxectiva), Familias, P.A.S, Profesores, Equipo directivo...

2. Medidas correctoras:

- Establecer de maneira conxunta (alumnado e profesorado),medias correctivasno caso de incumplimento das mesmas.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

- Establecer espacios e tempos para a participación: tutoría, asemblea, mediación,..
- Establecer responsabilidades e compromiso: persoais e de grupo.
- Avaliar as dificultades, os problemas, os conflitos forman parte da vida. Como afrontalos, como convertilos en oportunidades.
- Seguimento personalizado en tódolos problemas de convivencia analizando as causas e persoas implicadas.
- Análise dos procesos de ensinanza-aprendizaxe:
 - Éxito para todas as persóas.
 - Aprendizaxe cooperativo
 - Disrupción: metodoloxía e estratexias para afrontala.
- Valores do currículo:
 - Emocións
 - Competencias para a Vida
 - Habilidades de comunicación
 - Valores e educación moral
- Organización e xestión:
 - Xornada de acollida
 - Funcionalidade e xestión dos espazos
 - Grupos heteroxéneos
- Establecer cada final de curso:
 - Necesidades e expectativas
 - Indicadores de logro/obxectivos
 - Proceso: cambios adaptacións
 - Memorias trimestrais e final: resultados e propostas.

12. CONCRECIÓN DO PLAN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN.

A revolución que se produciu a nivel global polas Tecnoloxías da Información e a

Comunicación está cambiando o significado de conceptos culturais dos fins educativos dos centros e os roles docentes.

En todo caso tódolos estamentos educativos recoñecen que as TIC's na escola poden ser un instrumento de equidade educativa de tratamento da diversidade e de compensación de desigualdades. Sen dúbida as novas tecnoloxías suponen unha mellora da calidade do ensino e das posibilidades de formación da persoa. En definitiva, trátase de educar aos nenos para que sexan mañá xoves con imaxinación, capaces de plantexar acción e proxectos que dinamicen a nosa realidade social e capacitados para as demandas dunha sociedade actual.

Hai tres tipos de recursos TIC's (Tecnoloxías da Información e da Comunicación):

- ❖ De carácter lúdico-didáctico: a través de programas específicos, xogos didácticos ou páxinas web que proporcionen actividades en cada ámbito educativo (xogos o actividades Jelic...).
- ❖ De carácter creativo: nos que os alumnos diseñan, investigan, realizan as súas propias creacións didácticas (WebQuest).
- ❖ De carácter comunicativo e participativo: a través de proxectos telecolaborativos...

Nós traballaremos as novas tecnoloxías como un medio para acadar un fin empregando programas específicos cos que iremos matizando conceptos que se irán traballando ao longo de tódalas unidades didácticas.

